






## Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Participacion Cidadana – MOPG	
Número expediente:	Documento:
 PAR/2024/1	 PAR18I003Y
653G 0Q32 1217 1W2K 17AH	
	

Asunto: Informe de valoración da oferta económica e perfil técnico (criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes) presentadas para a contratación do servizo de secretaría técnica da escola municipal de participación cidadá, con perspectiva de xénero.

Destinatario: Departamento de Contratación.

A funcionaria municipal que subscribe, xefa do Servizo Sociocomunitario municipal, en relación có asunto de referencia, emite o seguinte informe:

### **1.Contexto e antecedentes:**

Tendo en conta os antecedentes que constan no expediente de contratación CON18I01U8 para a contratación da execución do programa municipal de participación cidadá, examínase a proposta técnica da oferta presentada por Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega (CIF F70418439), e procedeuse a puntualala aplicando os criterios de avaliación recollidos no informe sobre os criterios de adxudicación e os establecidos no prego técnico.

### **2.Normativa aplicable:**

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación do servizo denominado execución do programa municipal de participación cidadá

Prego de prescricións técnicas que rexen a contratación do servizo de secretaría técnica da escola municipal de participación cidadá, con perspectiva de xénero.

### **3. Valoración:**

Para esta valoración se teñen en conta os seguintes elementos:

a) Criterio económico: Puntuación máxima 35 puntos.

O licitador deberá presentar o prezo/hora ofertado, e obterá a máxima puntuación a empresa que presente a oferta máis baixa, puntuándose o resto proporcionalmente, de acordo coa seguinte fórmula:

$$P = P_{\max} - PR * 100 * [(Of - Oe) / Oe]$$

Oferta económica presentada pola empresa Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega: 37,70 € / hora (sendo o prezo/hora inicial de 39,20 €).

Sendo a única oferta a valorar **acada a puntuación de 35 puntos**.

b) Cualificación e experiencia do persoal profesional Puntuación máxima 15 puntos.

Para avaliar a cualificación e experiencia do perfil profesional, adscritos á execución do contrato, se ten en conta os seguintes criterios e puntuacións, a excepción do perfil mínimo esixido para ser docente, que non será avaliado neste proceso. A través do Anexo II cuberto, obtemos a seguinte información:

Perfil profesional	(ata 15 puntos)	Entidade presentada: Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega	Puntuación
Experiencia profesional en materia de participación cidadá, nos últimos cinco anos. Puntuarase 0.10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4 puntos	Ata 4 puntos	Presenta 3 perfiles: N°1=2.5, N°2=4 e N°3=4	Puntuación máxima: 3.5 puntos
Experiencia docente en materia de participación cidadá nos últimos cinco anos.	Ata 4 puntos	Presenta 3 perfiles:	Puntuación:

Puntuarase 0.20 puntos por cada 50 horas impartidas ata un máximo de 4 puntos. En caso de coincidir a experiencia laboral e a experiencia docente só se valorará neste apartado.		Nº1=0, Nº2=0.8 e Nº3=0	0.27 puntos
Formación recibida en materia de participación cidadá. Puntuarase 0.20 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 2 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas.	Ata 2 puntos	Presenta 3 perfiles: Nº1=1.2, Nº2=1.2 e Nº3=1	Puntuación: 1,13 puntos
Formación recibida relacionada coa formación de formadores. Puntuarase 0.20 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas.	Ata 1 punto	Presenta 3 perfiles: Nº1=0, Nº2=0.6 e Nº3=0.4	Acada a puntuación máxima: 0.33 puntos
Formación recibida en materia de participación cidadá relacionada coa formación en plataformas de participación cidadá, teleformación e/ou teletutoría. Puntuarase 0.25 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas.	Ata 1 punto	Presenta 3 perfiles: Nº1=0, Nº2=1 e Nº3=0	Acada a puntuación máxima: 0.33 puntos
Formación recibida en materia de participación cidadá relacionada coa formación en igualdade. Puntuarase 0.25 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas.	Ata 1 punto	Presenta 3 perfiles: Nº1=1, Nº2=0.75 e Nº3=1	Acada a puntuación máxima: 0.92 puntos
Formación recibida en materia de participación cidadá relacionada coa formación en sensibilización medioambiental. Puntuarase 0.25 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas.	Ata 1 punto	Presenta 3 perfiles: Nº1=0.25, Nº2=1 e Nº3=0	Acada a puntuación máxima: 0.42 puntos
Formación recibida en materia de participación cidadá relacionada coa xestión económica de subvencións e programas. Puntuarase 0.25 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas.	Ata 1 punto	Presenta 3 perfiles: Nº1=0.75, Nº2=0 e Nº3=0	Puntuación: 0.25 puntos
<b>Total</b>	<b>15 puntos</b>		<b>Total: 7,15 puntos</b>

## 5. Conclusiones



Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega acada a puntuación total de 42,15 puntos.